

## MOBILIDADE PARA PERSOAL SAÍNTE ERASMUS+ ADDENDA Á CONVOCATORIA PARA O CURSO 2023-24 (KOSOVO)

A EASD Mestre Mateo fixo pública onte 14/05/2024 a convocatoria de axudas para a Mobilidade de Persoal Docente correspondente ao curso 2023/2024, no marco do programa Erasmus+ KA107 para países asociados.

A través da presente addenda resólvese modificar dita convocatoria do seguinte xeito:

1. Completar a base primeira, como segue:

### PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA E OBXECTO

O obxectivo da convocatoria é a selección de beneficiarios dun máximo de 2 axudas de mobilidade para persoal docente da EASD Mestre Mateo destinadas a financiar estadias durante o curso 2023/2024 en países Asociados veciños da UE para profesorado de Graos ou Ciclos superiores que se imparten no centro.

- O obxecto da estadia é a realización dunha actividade de formación impartida por unha universidade ou institución a través do Consorcio de Artes (CARTES), concretamente a participación do profesorado nun festival de Cinema (International film festival) organizado pola Universidade de Pristina, Kosovo. **Trátase dun Festival de cine no que participa o alumnado da Universidade de Verán da organización. Ofrecerase un programa detallado baseado no número de participantes. E-mail do consorcio para máis información: [cartesconsortium@gmail.com](mailto:cartesconsortium@gmail.com)**
- A organización solicita expresamente que o profesorado seleccionado se comunique cun nivel de inglés alto.

2. Eliminar o último documento recollido na base quinta:

### QUINTA. LUGAR DE PRESENTACIÓN E PRAZO DE SOLICITUDE

As persoas solicitantes deberán presentar os seguintes documentos debidamente cumprimentados, datados e asinados, na Secretaría da Escola, en papel, ata o 23 de Maio de 2024 (inclusive):

- Impreso de solicitude (Anexo I)
- Declaración de capacidade do manexo no idioma do país de destino ou no idioma de traballo (Anexo II)
- Certificacións oficiais de idiomas.
- Plan de traballo (Anexo III)
- ~~Aceptación por parte do centro ou institución que imparta a formación.~~

Santiago de Compostela, 14/5/24

Asinado:

Juan Marcos Adrio Fondevila  
Director